



Baleadas

Índice.

1. Introducción

2. Antecedentes do proxecto. **2.1.REFERENCIAS 2.2. ELEMENTOS DA OBRA**

3. Xustificación e obxectivos

4. Dramaturxias contemporaneas





1.Introducción

“Baleadas” é un proxecto multidisciplinar para todos os públicos. Unha obra que parte da temática das Baleas, dos poemas de Balea2 de Estevo Creus. *Libro nominado no ano 2012 como mellor libro de poesía nos premios da asociación de escritores.*

Inspírase ademáis en debuxos de nenos, na música creada para a obra, e sobre todo da ferramenta utilizada: O paint. Unha ferramenta moi cercana a todos os públicos, como forma de achegarlle á escena tamén a todos os públicos, a través de linguaxes contemporáneas.

A obra está creada polas artistas Marta Alonso, Paulina Funes e Begoña Cuquejo.

A música da obra está creada tamén por 3 artistas sonoros: Sobre todo a través da base sonora, está formada polo Piano de Cola de Madame Cell, música expresionista, dinámica e lúdica. A peza conta con algunha aportación de Ariel Ninas e Estevo Creus. E por último na versión da obra que non se visualiza co pianista en directo, o espazo sonoro está editado por Begoña Cuquejo, xunto con voces de recollida documental de traballadores da baleeira de Gures, que nos contan as súas experiencias coas baleas.




Baleadas (o espectáculo)

Xénero: Multidisciplinar teatro-danza-animación en directo.
Estilo: traxi-comedia para todos os públicos.

Espectáculo de danza contemporánea para todos os públicos (de 3 a 100 anos) onde se auna e interectuan in situ, diversas modalidades expositivas, tecnolóxicas e procesos creativos:

- a creación e a animación 3D
- a creación-animación de imaxes e debuxos contruídos no momento
- baile de textos poéticos escritos
- interpretación coreográfica e teatral
- a música xenerada especificamente para o espectáculo

Mediante o emprego de diferentes tecnoloxías as participantes crean animacións, debuxos e palabras e bailan en sincronía e interacción cos distintos elementos. Así, por exemplo, créase no momento un dibuxo que baila, e interacciona coa bailarina que executa a mesma coreografía que a barra danzante.





A nivel de contido, Baleadas é un espectáculo (traxicomedia) onde “a balea”, as súas actividades, e as súas significacións serven de fío conductor para abordar 3 mundos ou tipos de imaxinarios, desglosados do poemario no que se basea a obra:

- o mundo infantil, rebotando, o xogo.
- o “eu” experiencial, o vacío, as baleas.
- O corpo e a palabra, as metalinguaxes teatrais.

A balea pasa por diferentes lugares, chora, salta, e ao final ata sae da pantalla para achegarse aos nenos.



Baleadas (proxecto educativo)

Como veremos no apartado de xustificación, un dos obxectivos de “Baleadas” é achegar a danza contemporánea a novos colectivos. Aínda que o espectáculo é para nenos e adultos, e se pode representar en teatros e salas, unha das nosas maiores intereses é achegar o espectáculo aos centros educativos, e



museos. Sexa como sexa, ofreceremos a posibilidade de incluír como parte do espectáculo: Un obradoiro para o espectador, e/ou un obradoiro de creatividade aplicada e procesos sensoriais.

Un aspecto fundamental, no uso da ferramenta cercana, que cada neno, adolescente e adulto que manexe Windows, terá na súa propia casa, e tal vez abra un novo mundo de posibilidades creativas, con útis que xa coñecían. Ex, Paint.

a) obradoiro para o espectador (salas e teatros)

Consiste nunha charla aberta de 1 hora de duración, onde se os procesos creativos e expositivos dende o eido da arte escénica en xeral; pintura, plástica, música, literatura, etc. Entáblase coloquio sobre a representación de baleadas a todos os niveis.

A pedagogía da obra non reside só nos obradoiros propostos. Senón na metodoloxía. Explicar sin palabras que os nenos poden utilizar o ordenador para máis que para xogar aos videoxogos. E tamén explicar a través dos debuxos da obra, a situación ecolóxica que supón conservar as especies.

”sen balea nada é nada”

b) obradoiro de creatividade aplicada e procesos sensoriais (centros educativos/asociacións/museos...

Aproveitando que 3 das/dos participantes son licenciadas en Psicoloxía, con estudos e traballos de investigación nestes ámbitos, levaremos a cabo un obradoiro práctico de 2, 4, 8, ou 12 horas onde se instrúe aos alumnos en diversas materias, procesos e tecnoloxías aplicadas no espectáculo de baleadas.

materias



Aquí abordaremos coñecementos e materias representadas no currículo educativo do alumno. Fundamentalmente: percepción, memoria e procesos psicolóxicos superiores (Área de ciencias/área de filosofía). A pesca e as actividades tradicionais e Galicia (área de coñecemento do medio). E ecología, a situación dos animais en perigos de extinción.



procesos

- Bases para a gravación de son e a creación musical con ferramentas cotiás.
- Bases para a animación de imaxes e debuxos co Paint (existente en calquera equipo informático)
- A Creación de anaglifos 3D mediante a color bermella-azul
- Iniciación á danza contemporánea como medio xa preexistente na bagaxe expresiva do alumno/a



- A creación poética contemporánea na súa vertente de creación de significados e a linguaxe humorística como ferramenta fundamental de coñecemento.

2. Antecedentes do proxecto

O carácter de espectáculo interxeneracional e sensorial-multimodal de “Baleadas” pode rastrexarse ao traveso de experiencias e coincidencias que foron conformando a idea ou punto de partida do proxecto que presentamos.

Nun campamento entre nenos/as e ancianos/as organizado polo poeta e contacontos Celso Fernández San Martín nun asilo de alta dependencia de Lalín; conviviron durante unha semana dentro do asilo nenos e nenas de 5 a 9 anos con mulleres e homes de ata cen anos, facendo actividades, falando e compartindo día a día os seus propios mundos. Unha destas actividades consistiu en traballar sobre o significado da “balea” ao traveso do poemario de Estevo Creus “Poemas da Cidade Oculta” (Xerais,1996) no que este animal aparece como “eu” nadante na vida pero tamén como sustrato do ser experiencial e memoria colectiva . Tanto vellos coma nenas traballaron este concepto aberta e libremente e dende formatos e modalidades sensoriais distintas. Así foron aparecendo palabras, debuxos, colages, pezas de movemento, baile, risas, etc. Con ese material e a experiencia do propio autor ao convivir con eles unha xornada xurde a idea de construír un poemario ou conxunto de textos poéticos “Balea2”, de pronta publicación en editorial Positivas, que por un lado, recolla o vivido e por outro, tente diluír a dicotomía “literatura infantil-literatura para adultos” ou “arte para infantes-arte para adultos”. En segundo lugar e tamén como antecedente, estaría a lectura do



propio poemario “Balea2”, o acceso ao material confeccionado no campamento, o contacto co autor, así como o coñecemento das actividades e produtos do grupo nonou no que o autor é integrante.

Neste senso, chamounos a atención unha serie de aspectos e conceptos coincidentes con ideas e procesos cos que en Traspediente estabamos a xogar e elucubrar dentro do eido da danza contemporánea. En primeiro lugar, a nosa interese por achegar a danza contemporánea ao público infantil e xuvenil, tantas veces relegada a un público normalmente adulto e minoritario, pero dun xeito que fora atractiva para calquera persona. En segundo lugar, a interese por facer un espectáculo multidisciplinar, onde a experiencia puidera chegar por múltiples canais. De feito xa en anteriores traballos de traspediente (habelas) estiveramos traballando con texto-falado, música en directo, integrando a imaxe e o vídeo en directo en escena e empregando o movemento e a danza como fío condutor. É esta interese (conectada coas modalidades que empregaran nenos e vellos) a que nos levou a empezar a pensar en facer un espectáculo onde se fora un tanto mais aló: onde se conxugara a palabra, a danza, o debuxo. o audiovisual insitu; facéndose e refacéndose no mesmo espectáculo; tomando cada modalidade como algo que danza coas outras modalidades, e onde o propio proceso (bailar, debuxar, escribir, interactuar coa imaxe) estivera ao descuberto e poidera percibirse tamén como coreografía en danza.

Neste sentido empezamos tamén a pensar na posibilidade de integrar a animación 3D e a utilización do propio corpo como “anaglifo” de tal xeito que o público para participar de certas pasaxes de danza tivera que empregar gafas especiais para experimentar e participar tamén como obxecto en danza. A utilización do anaglifo. Fai unha reflexión sobre as dúas



dimensións, das fotos, dos videos proxectados, e as 3 dimensións do corpo.

En terceiro e último lugar, a lectura do libro “Balea2”, e os espectáculos de pequeno formato de “nonou” conectaba tamén con outro aspecto no que andabamos a matinar e que creemos foi sempre unha excepción no eido da danza contemporánea; o emprego do humor e a concepción do humor como fonte sustancial de todo proceso de coñecemento. Facer humor danzando era unha das liñas que sen dúbida queríamos abordar nas nosas futuras producións escénicas.

Destas coincidencias filósóficas fundamentalmente, foi xurdindo a idea de construír entre as un espectáculo que aunara as nosas inquiredanzas intelectuais e estéticas e fora fonte para experimentar novos xeitos de crear e novos xeitos de plasmar os resultados.

Esto non quita que ao tratar o tema da balea, se utilize en algún momento da obra, o vacío e a tragedia para comunicarnos co espectador. Non esquecer a situación de baleiro social que queda sin animais en perigo de extinción. E sin outros aspectos necesarios na vida, en perigo de extinción nos tempos que corren, si non se coidan, cómo a cultura.



2.1. REFERENCIAS

Debuxos

Inspirámonos en debuxos animados onde o acento sexa rítmico máis que narrativo. O apoio sonoro, os movementos... [Betty boop](#) , [Pink Panter](#) , [The skeleton dance](#) , facemos un guiño utilizando a partitura coreográfica dos esqueletos desta obra.

bailar

<http://www.youtube.com/watch?v=DBk3jwNSteo&feature=related>

narrar sen palabras

<http://www.youtube.com/watch?v=7QhyLvnFW0U>

zoom ,ecuandre...

<http://www.youtube.com/watch?v=36jbQcZkYMQ&feature=related>


posibilidade de insertar os poemas a modo de títulos de cinema mudo

http://www.youtube.com/watch?v=StDwAH_9epo&feature=related

Literatura

Documentalista Arturo Vizcarra.

Leviatán o la ballena Philip Hoas *Balleneros en Galicia* Felipe Valdés Hansen



Outras referencias

Moby dick John Huston

O anaglifo

O anaglifo, como proceso perceptivo, nos parecía interesante recuperalo como unha exploración a suposta importancia de engadir o 3d ao cine, as fotos, en xeral ás artes. Nos preguntamos si aporta ou resta. Disfrutamos dos efectos visuais do 3d, como unha investigación, e de xeito lúdico, que os nenos xoguen coa posibilidade de tocar os obxectos que saen da pantalla, brindarlles a posibilidade de poñer gafas. E levar un fenómeno tan cotidiano aos teatros.

Influencias e admiración polo artista contemporáneo Lan Hungh, que utilizou anaglifo en diferentes performance e esculturas.

Baleas Información

Investigamos o son das baleas, os seus movementos, o seu modo de vida...

Fragmento documental [sonido](#)

[Sons](#) 1 de baleas

[Video](#) casero saltos ballenas

[Sons](#) 2 de baleas

Entrevistas

Jesús Manuel, marinero de la ballenera de Caneliñas

Julio Ares, encargado de la ballenera de Caneliñas

Amalia do Portugués, filla dunha traballadora de baleeira de Caneliñas



Fina Rodríguez Outes, "la pitillera", traballadora de baleeira de Caneliñas

Traballo de campo

Recollida de elementos e fotográfico na baleeira de Caneliñas.

Barba de balea, osos, etc

Visionado dos bidones de aceite de Balea, etc.

2.2.ELEMENTOS DA OBRA

O CORPO

Nadie sabe porque saltan las ballenas. Casi todas las especies lo hacen, desde el delfín más pequeño hasta la más grande de las ballenas azules, cada una con su propio estilo: salto de espaldas, saltos en plancha, saltitos sin mucho impulso o auténticas piruetas.

Búsquedas de movementos, ondulares, rítmicos con certo aspecto inocente ou naïf; como a propia ferramenta. Partindo do traballo coa ferramenta, de poemas, ou do imaxinario traballado.

Se ves unha balea non o dubides corre, corre, e non mires atrás... xa verás que ben rebotas.

Correr, saltar, ondular serán a base do traballo físico.

Soportar as imaxes do Paint, o corpo como utilizado tamén como sustento da imaxe en moitos momentos. Aínda que pareza que o corpo non está sendo primordial para a escena, e sexa o debuxo o que goberna a nosa atención, sen o corpo estaría vacío en sen humanidade.

A POSTA EN ESCENA

Unha posta en escena con mínima iluminación. Proxector e 2 ruas, manexadas desde o escenario.

O mesmo ocorre coa música e os debuxos. Todo se manexa desde a escena, e, este proceso será posto en evidencia.

En Baleadas móstrase toda a ferramenta como tal que se utiliza durante o espectáculo.

A VOZ

Os cantos de baleas, como comunicación. En realidade, todo son teorías, non se sabe exactamente para que serven os cantos de baleas. Tampouco para que canta o



home, pero o leva facendo toda a existencia; tanto bailar como cantar.

Na escena da improvisación vocal inspíramonos en frecuencias utilizadas polas baleas, agudos, graves, resonancias nasais que son como click da lingua do home no padal, ou o canto utilizado para a comunicación o cortexo, que ten unha serie de patróns acabados en rimas.

E, nesta improvisación se exploran tamén as variacións xeneradas polo ventilador, cando se sostén unha nota.

Por outra banda, en Baleadas, utilizaráse a voz en off, tanto da lectura de algún poema. Como dos testimonios recollidos sobre a temática.

3. Xustificación e obxectivos

Baleadas é un proxecto que experimenta na súa concepción e na tecnoloxía; pero o mesmo tempo, un espectáculo divertido, para todos os públicos e lixeiro na súa concepción perceptiva.

Como liñas de traballo ou obxetivos a marcar estarían:

- a) A construción dun espectáculo onde se integren en tempo real e de xeito natural diversas disciplinas artísticas: A danza, a plástica, a música, o texto escrito, e a animación en 2d e 3d. Neste senso as distintas disciplinas ou modos de expresión, non son concebidas como elementos illados ou meras representacións expositivas, senón como corpos que constantemente interactúan e bailan en tempo real. Así, os corpos das bailarinas danzan con textos poéticos, liñas e debuxos que tamén bailan sincrónicamente na coreografía que se presenta.



Un dos motivos inspiradores da dramaturxia son os debuxos animados (Pink Pantera, Betty Boop...) facendo fincapé nos aspectos non narrativos, e máis rítmicos e musicais dos mesmos. Baseándonos en efectos dos cartoons, antigos (sonidos, onomatopeias), e en movementos dos personaxes, como nos debuxos máis actuais, xaponeses, Pocoyó, etc.



- b) Empregaránse ferramentas tecnolóxicas, que aínda que permitan xogos complexos de interacción, sexan simples no seu manexo, frecuentes en calquera casa ou escola, e facilmente recoñecibles polos espectadores; de xeito que o espectador vexa neles novas fontes de emprego e experimentación. Neste sentido, “Baleadas” quere conquistar un obxectivo pedagóxico ou educativo no senso que o propio visionado do espectáculo forneza a interese de nenos e



nenas e adultos (pais/mestres) por desenvolver traballos de danza e audiovisuais ao alcance de todos/as.

- c) A experimentación e introducción nas artes escénicas de secuencias 3D, tanto en imaxes animadas como convertindo o corpo real das bailarinas en figuracións anaglifas. De tal xeito que partes do corpo floten na escena ou se separen como entes diferentes. En baleadas haberá constantemente xogos de imaxes en planos diferentes, sendo o anaglifo un elemento que o permite, e ademáis, cremos, un proceso aínda nunca abordado no panorama escénico galego e cremos tampouco no español. Sempre enfocados de un modo sinxelo e cercano, por eso o sistema 3D, será o de anaglifo, sencillamente creado a través de cor azul e vermello.

- d) Transformar os procesos creativos e de improvisación nunha parte visible e sustancial do espectáculo, de tal xeito que a propia creación sexa un elemento máis a interarctuar na escena. Así, o traballo en ordenador, os procesos de debuxar, escribir, animar, ademais do movemento corporal estean sempre visibles e podan ser considerados como parte da coreografía.

- e) Facer un espectáculo tanto para nenos como para adultos sen que realmente se poda catalogar dun xeito ou doutro. Neste senso queremos levar a danza a colectivos amplos e xenerar novos espectadores.



- f) Aínda que non sempre, ao longo do espectáculo traballar corporal e visualmente o humor, tanto no senso do goce de rir como na súa capacidade para transmitir significados complexos e tamén abrir novos campos significativos e perceptivos. Neste senso queremos cubrir o que cremos unha eiva no mundo da danza contemporánea, que salvo raras excepcións, case nunca contempla este tema nin como obxecto de traballo nin como lugar para a profundización.

e eu andaba un tanto triste
e vas ti
e mándasme a túa balea
dentro dun sobre

que sabes
que me fan rir

as caras de susto
que poñen

os carteiros
cando veñen

baleadas

Unha peza de danza para público familiar con animación audiovisual en directo e visionado en anaglypho (3D). Inspirado no poemario BALEA2, de Estevo Creus.

Dance piece for a family audience with live audiovisual animation with anaglyph (3D) format viewing. Inspired by BALEA2, a Collection of poems by Estevo Creus.

Idea orixinal / original idea: Begoña Cuquejo
Creación e dirección / Created and Directed by:
María Alonso, Begoña Cuquejo, Paulina Funes
Poesía / poetry:
Estevo Creus
Imaxe e deseño gráfico / Image and graphic design:
Paulina Funes
Agradecementos / Special Thanks: Chies Compostela

cía. traspediante
www.traspediante.blogspot.com / traspediante@hotmail.com

4. Dramaturxias contemporaneas

O teatro e a danza contemporánea, non carecen de dramaturxia como creen moitas persoas, non todo vale. A dramaturxia contemporánea, como menciona Jose A. Sánchez, no seu libro dramaturxias da imaxe; baséase na imaxe, no ritmo, no movementos, para fíar a narratividade da obra.



Neste caso, o fío conductor será a Balea. O achegamento a historia da balea, non é lineal, pero non unha línea horizontal progresiva (plantexamento, nudo e desenlace), neste caso a dramaturxia sitúa a historia da Balea segundo de menos a máis profundidade.

- a Dramaturxia configúrase entorno a linealidade que vai, de menos a máis profundidade.
- A obra comeza coa línea, branca e negro, vai collendo cor. Os personaxes están animados e interactúan cos mundos que crean esas líneas e cores. Pouco a pouco a imaxe colle profundidade, lévase cara adiante unha palabra “corpo” escrita no brazo dunha intérprete. Ata a última parte na que aparece a imaxe máis elaborada, pasando polos debuxos, e por debuxos realistas, ata a fotografía real, e collage. Para chegar a fotografía anaglifa que engade una profundidade perceptiva.
- Por último a profundidade deixa de ser perceptiva, para converterse nun cambio de 2º orde, como definirían os teóricos das teorías sistémicas ou da cibernética, unha profundidade que sae da pantalla (o debuxo da balea proxectado) e pásase por todo o teatro.

Ademais desta dramaturxia da imaxe elexida pola directora.

Van sucedendo todo tipo de aventuras a nivel de contido.

Unha cadro vermello persegue a un esquimal e cando o alcanza convérteo nun esqueleto que baila.

Unha rapaza buscar as súas gafas 3D por toda unha fotografía de Baleeira, mentras atopa un ventilador que lle fai bailar, unhas botas nas que se mete, e unhas coordendas que lle explican onde están as gafas que busca.



Ademáis noutra escena un conxunto de puntos que non se sabe aparentemente que son, cando facemos zoom, podemos apreciar que eses puntos que se ían pintando conforman unha balea

E todo esto acompañado do poemario Bale2,.

